

O ÓVALO E O OVOIDE

INTRODUCCIÓN

Os enlaces son, polo xeral, aplicacións directas dos procedementos de tanxencias.

Nas curvas técnicas que ides contruir aplicaredes enlaces de diferentes arcos de circunferencia.

O ÓVALO

1. Divídese o **eixe maior** horizontal AB en tres partes iguais e obtéñense os puntos M e N. Facendo centro en M e N e raio MA e NB débúxanse dúas circunferencias que se cortan nos puntos P e Q.
2. Únense os puntos P e Q con M e N prolongando as liñas ata que cortan ás circunferencias nos puntos de tanxencia T, que serán onde enlazan os diferentes arcos de circunferencia.
3. Con centro en P e Q e raio ata os puntos de tangencia trázanse os arcos que enlazan coas circunferencias, rematando así a súa construción.

O OVOIDE

1. Debuxado o **eixe menor** horizontal CD, trázase a súa mediatriz atopando o punto M. Con centro en M e raio MC ou MD debuxamos unha circunferencia que corta a recta mediatriz por enriba no punto N. Únense os puntos C e D con N prolongando as liñas un pouco máis alá.
2. Trázanse dous arcos con centro en C e D e raio CD ata que corten as rectas que pasan por N nos puntos de tanxencia P e Q. Con centro en N e raio NP ou NQ trazamos unha circunferencia rematando así a construción do ovoide.

PRÁCTICA Nº : CONSTRUCCIÓN DO ÓVALO E DO OVOIDE

Despois de debuxado o caxetín divide a lámina pola metade e debuxa as dúas curvas técnicas centradas no espazo destinado para o debuxo. Non esquezas nomear todos os puntos e destacar en liña grosa as solucións.

1. Construir un óvalo de eixe maior $AB = 120\text{mm}$.
2. Construir un ovoide de eixe menor $CD = 80\text{mm}$.